



O NADAL



XXII

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



**Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo**

DEBUXO LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 358 – 1998

XXII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



O B R A S O C I A L

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

ARREDOR DO NADAL

Un ano máis. Os anos en Begonte medímoslos de Nadal a Nadal: ou de mediados de decembro a mediados de decembro, marcando os comezos; ou de finais de xaneiro a finais de xaneiro, marcando o remate da tempada nadaleira.

Porque hai xa 26 anos que, en Begonte, o Nadal marca a nosa vida. E ó Nadal adicamos os maiores esforzos moita xente que coida que este tempo especial compre vivo mirando ó futuro, pero tamén lembrando o pasado que inspira ese futuro.

Somos transmisores dunha mensaxe bimilenaria, unha mensaxe a través dos tempos, de tódolos tempos, desde sempre ata o infinito. É unha mensaxe que nos fala de paz, de irmandade, de boa ventura para os homes e mulleres de boa fe. Que nos fala de Gloria, da gloria de Deus no ceo e paz na terra ás xentes que queren a Paz.

Un ano máis mandámossos a mensaxe do Nadal, que vai desde a tradicional felicitación desexando “Felices Pascuas e próspero aninovo”, ata o más profundo desexo de que o mundo mellore un pouco máis cada Nadal, e de que todos nós poñamos da nosa parte un pequeno esforzo por conseguilo.

E a chamada e ofrecemento á vez: ¡Vide a Begonte!... O noso Belén abre as portas para todos; O voso Belén -de todos- agarda a visita de tódalas xentes de paz e de fe que queiran reencontrarse coa tradición e a historia, coa sinxeleza e o agarimo, coa inocencia dun neno e a sabedoría dun vello plasmada nunhas figuras movidas aparentemente pola electrónica, pero na realidade activadas polos ollos dos nenos, pola man dos artesáns, polo brazo dos labregos, polas bágoas dos que sofren, pola ledicia do que sabe ser feliz, polos anceios do que percura un ideal... inspiradas na vida que reflictan, motivadas pola Vida que Xesús nos veu dar.

Feliz Nadal a todos!



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte



POESÍA

XXII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte -entidade que promove o Belén Electrónico- co patrocinio de CAIXA GALICIA, co galo do Nadal 1997, ven de convoca-lo «XXII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.-Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.-O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.-Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.-É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.-Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

- 6.-A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e oito.

- 7.-Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 1997

BASES

FALLO DO XURADO DO XXII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO
D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (*Paco Martín*)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (*En representación da entidade patrocinadora*)

D. XULIO XIZ RAMIL (*En representación da entidade convocante, que actúa como secretario*)
acorda emitir o seguinte fallo:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese ó poema *UN ARRORRÓ EN PORTADA*, de MARIA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO, de Vigo.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a *FALTA UNHA FIGURA, MADRE*, de Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero).

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

**FALLO
DO
XURADO**



Mª GORETTI FARÍÑA CAAMANÓ

Baión, Vilanova, 1964. Reside en Vigo. Licenciada en Bioloxía, é profesora de Medio Ambiente.

Leva obtido unha media ducia de premios literarios como o da Rota Xacobeira do Mar de Arousa, de poesía (1996), o do Concello de Vilalba, de narrativa (1996), ou os dos Concellos de Marín e Mos, tamén en poesía, (1997).

Con “Arrorró en Portada”, obteñ por segunda vez o 1º premio de Poesía en Begonte.

ARRORRÓ EN PORTADA

Quen quere deste berce
facer unha portada,
dcir “chegou o día”
contar que a noite estaba
mainiña coma o sono
dun anxo nunhas pallas.

Quen lle pon pé de foto
a esta vida anunciada,
resumindo en tres liñas
con urxente palabra
que a crónica é un berce
cun neno a toda páxina.

Quen dirá máis adiante
que, se desto se trata,
non hai máis nome propio
nin nova que lle engada
outra luz a este mundo,
outra cor a esta data.

E quen lle dirá á xente
perdida noutra andaina
que unha estrela morniña
que desta noite baixa
foi quedarse onde o neno
e a vida foi chegada.

Quizáis a mesma xente
xa non vai crer en nada,
gastada nos enganos,
sensible ás propias mágoas,
afeita ós mesmo contos
que por mentir xa cansan.

É posible que o día
teña outras novas. Basta
con mirar os sucesos
empredrados de balas
e sangue por moreas,
e morte destacada.

É seguro que a xente
fai cola nunha caixa
dalgún Híper moderno
e nen sequera saiba
que hai un neno que nace,
que hai un berce que agarda.

E máis seguro áinda
que a penas faga gracia
ese boi posto á esquerda,
esa mula deitada
que na foto da axencia
ó berce lle dan garda.

E que dicir dos tres
que polo lonxe avanzan
que din ser reis e magos
e, segundo se aclara,
un resulta máis negro
que a cinsa dunha achas.

Tamén resulta certo
que alá nunha montaña,
un castelo se ergue
e un río faise prata
chegado pola terra
onde as ovellas pastan.

E ben pode dicirse
que seguindo as pegadas
de gando e mais pastores
que cara ó berce pasan,
chegamos a un cortello
que é cova máis que casa.

E neste a reportaxe
que o suceso relata
algo conta dun anxo,
de xente axionllada
e dunha luz na noite
tendo conta da calma.

Pero aínda é máis certo
que no lugar soaba
un arrroró mainiño
que ó neno adormiñaba
segundo di a crónica
acompañando un mapa.

E por poñer o título
dun feito sen errata,
diremos: Xa naceu,
velaí a esperanza,
a promesa cumplida
nun portal principiada.

E no portal veremos
que a reportaxe acaba
co arrroró más tenro
para unha vida náda,
para que así teñamos
mais que portal, portada.



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero)

Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Lugo en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLOS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANCOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO.

Falta unha figura, madre

I

Falta unha figura, madre,
no nacemento
onda o río.

Falta, madre,
unha figura
onda a ponte, no muíño.

Falta
unha figura, madre,
naquel val vir de camiño.

Falta,
madre, unha figura
¡que non vexo ó Louzariño!

Falta,
nas figuras todas,
un poeta, o noso amigo.

Falta,
entre os pastores, madre
a daquel home impedido.

Falta
o señor da palabra
con fonda mágoa, doído.

¡Falta!
En falta o boto,
madre,
coa *pastora de sorrisos*.

II

*- Cala meu filliño, cala,
que agora está durmidiño.
Agarda un pouco e imos ver,
que el anda de vagariño
e mañá pola mañá
no abrir do sol, moi cediño
chegará coa súa pastora
botarlle ó Neno un sorriso
para cantar no pesebre
panxolas e vilancicos*

III

*En Begonte han facer
un trobador desta terra,
que recite no belén
unha panxola moi feita.
Deste xeito alí veremos
a un bo poeta-cantor
que cada ano, no Nadal,
cante ó Neno unha canción
en verbas de doce amor,
versos de grande beleza
tecidos no corazón,
que ó Picariño adormezan.*

PRENSA

sanal para levar,
ousas da vida, cheo de ari-
niversais, cheo de avan-
dos dos nosos inxenio e
n habilidade, inxenio e
arredor é tamén un
ropicio para que a
lúa, a
parpadexa...
ata o amencer dun
no que se aviva a chán-
vida e do traballo cotián
Nunha xuntanza armo-
os protagonistas figuran
o recimento: Os Rei-
xo plano: Neno Deus, e
aron do Neno Xosé, e
, camellois re-
nde viaxe;
nas, un
am

XXII CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se celebren mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúns traballos ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:
PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO.- 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e oito, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha de facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BASES



FALLO DO XURADO DO XXII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 75.000 ptas. e estatuña de Sargadelos. Concédese a M^a GUILLERMINA MOSQUERA, polo seu artigo “O BELÉN E O TRASNO DUN CONTO DE NADAL”, publicado no xornal *El Progreso*.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuña de Sargadelos, concédese a XOAN NEIRA, polo seu artigo “BÁLSAMO DE NADAL”, publicado no xornal *A Mariña - El Progreso*.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ

Naceu en Monterroso no ano 1963, vila onde reside actualmente.

Na actualidade é profesora de primaria con destino no Colexio Público “Os Pinos” de Monterroso.

É tamén Concelleira de Educación, Cultura e Deportes na vila de Monterroso.

Foi fundadora e primeira presidenta da Asociación Cultural e Artística “Falcatrueiros” no ano 1985.

É colaboradora de varios xornais e revistas de Galicia. Ten publicados numerosos traballos de etnografía e folclore galego na revista “Irimia”.

Acadou varias mencións literarias e diversos premios xornalísticos, entre os que se poden citar os certames convocados polo Centro Cultural de Begonte e Centro Cultural “Airiños do Xunco” de Cervo.

O BELÉNE O TRASNO DUN CONTO DE NADAL

VINTEDUAS

Vivimos nun mundo cheo de problemas e contrariedades, de agresividade, deinxustiza. Nestas datas de Nadal témo-la obriga de ser un pouco más solidarios e responsables cos que sufren penurias, fame e dor, e tamén á hora de elixir, de acadar proxectos, esperanzas e ilusións.

E moi difícil acadar un remanso de paz, de tranquilidade, e agardamos todo o ano para conseguilo agora no Nadal. Na vila de Begonte poñénnolo moi fácil, porque traballan con entusiasmo tódolos días do ano vertendo un proxecto ambicioso e humilde, grandioso, tecendo a rede do amor ás causas ben feitas.

É abondo coñecida a frase de don Vicente Risco, o noso escritor, cando afirma: “Galicia no é un país pequeno, senón todo un mundo, tan grande como o noso espírito sexa quen de soñalo”.

Eu quero apli-cal-o contido desta afirmación ó labor tan fermoso que desde que o trasno do Nadal reloucou no ano 1972 nesta acollidora vila chairega de Begonte creando un microcosmos orixinal e único que tan só percorréndoo cunha ollada experta pode coñecerse en toda a súa fondaña e peculiaridade.

OBRA DE ARTE. Pois o trasno segue a espernecer dende aquela, ano tras ano, innovando e creando figuriñas, novos obradoiros para seguir alentando a obra e pensamento belenístico do seu fundador don Xosé Domínguez Guizán, etnó-

grafo e artista que coñecía profundamente a paisaxe física e maila paisaxe humana da chaira luguesa, que fielmente plasmou na súa obra de arte.

Un crego que atopou nas súas amistades os mellores colaboradores para potencia-la súa ambiciosa iniciativa da man de Xosé Varela e a súa dona, mestre da tecnoloxía dos movementos das miniaturas, e a modista especializada no vestiario de tódolos protagonistas do belén; Xulio Xiz, mestre da comunicación e quen mellor para espalla-la nova, así como actual promotor do mesmo e sen dúbida, o seu mellor colaborador, o seu irmán Xesús Domínguez Guizán, incessante creador de boas vontades e o canteiro nas horas de ocio. E outros moitos begontinos que desde o anonimato fan posible o evento acadando nesta nova edición azos de ledicia e creatividade nun acolledor recuncho, modestamente acondicionado dunha dimensión de 80 metros cadrados de fantasía e fermosura.

XERMOLO. Situado no baixo do local social deste pobo, para que dera luz a un traballo que prende un bo día marabilla da propia terra transmitindo ese sentimento apaixoadoo onde xermolan as vivenzas relixiosas e galegas más engaiolantes, os obradoiros más típicos: o carpinteiro, o ferreiro, as tecedeiras, os costumes da nosa terra, a matanza do porco, o trafego do viño; as tradicións más entrañables, a queimada, o magosto e como non, a representación más inxeniosa daquel pobo de Xudea, co castelo de Herodes, e os seus vixiantes, o Misterio do Nacemento de Xesús nun

portaliño xiratorio onde están os protagonistas desta noitiña, os pastores e mailos Reis Magos.

Como toda curiosidade xorde á carón dunha ilusión, este ano a ilusión das persoas que traballamos na escola era achegalles ós escolares de Monterroso este paraíso navideño e para iso programamos unha visita ó belén.

ÉXITO. A curiosidade infantil é tentadora porque aquel planeta alucinante fixo voa-lo seu maxín ó país das marabillas, porque para entendelo hai que ollalo con corazón de neno. A experiencia foi todo un éxito por moitas razóns. Foi unha apaixonante lección participativa, para acende-la chispa da curiosidade e da tradición, para vivir de cheo un intre fantástico de 15 minutos de duración da man da natureza viva, da natureza pétrea e da tecnoloxía más sofisticada para dar vida e dinamismo a máis de medio centenar de figuriñas dos distintos obradoiros que forman parte deste mosaico navideño e amosan con delicadeza e purismo os oficios más antigos.

Foi tamén vital para achega-la nosa cultura tradicional e o amor á natureza alí latexante que cautivou o maxín infantil. E foi unha contemplación silenciosa íntimamente achegada á Natureza que alí xorde diluída en luz, cor e son, fenómenos atmosféricos (Vento, choiva, treboada, neve, o arco da vella) e ata o río Ladra cos seus peixes de cores.

Tan pronto é o día como é noite; alborea ou chega a tardiña; é Nadal e sae o anxo do Ceo, e os Reis Magos van cara ó Portaliño.

PREGUNTAS. O estoupidio de preguntas ó remata-la sesión foi contínuo, atopaban moita relación coa súa aldea, facían as mesmas cousas, os animais estaban alí fielmente representados, o cuxo mamaba da súa nai, a porca amamantaba ós porquiños, os peixes nadaban escapando do anzó dos pescadores; mataban os porcos, asaban o ca-

brito; a igrexa co seu monaguillo, cos leñadores, as casas, a taberna, a aira, o río, o monte...

O meu agradecemento ó belén; e a tódolos artífices deste evento que fan que goce dun prestíxio que só o esforzo colectivo e riguroso consolidou, e a perseveración nesa liña garante que alí agrome a ilusión e medre coma en ningún lugar.



XOÁN NEIRA LÓPEZ

Naceu en Santiago de Meilán (Lugo, 1953). É mestre en Viveiro, onde reside.

Como poeta acadou os seguintes premios:

- Meigas e Trasgos de Sarria (1994)
- Concello de Vilalba 1995 e 1996
- Certame Rosalía de Castro (Barcelona 1995)
- Certame Airiños do Xunco (Cervo 1997)

Ten publicados o libro de poemas *MEMORIA E SOÑO* (1996) e *RECREOS*, poemario infantil musicado.

Publicou poemas nos xornais: *El Heraldo de Viveiro*, *O Correo Galego* e en varias revistas: *GUIEROS, ANTO, LÚA NOVA...*

Colabora semanalmente nas páxinas de *El Progreso - A Mariña*, onde se publicou o artigo merecedor do 2º premio de xornalismo Begonte e o Nadal (1997).

BÁLSAMO DE NADAL

Nestes tempos trepidantes, de rutinas absorbentes, de fondas confusións, sen tempo para a reflexión, nesta vida angustiosa na que ficamos sen folgos entre tantas miserias qué nos feren, cumpriría un tempo perenne de Nadal pero daríamonos por contentos se alomenos estas datas fosen un bálsamo para os nosos pesadelos.

Eu quixera regresar á pureza da neve da infancia, cando áinda os sonños candorosos envolvían a ilusión.

Lévame Nadal desde a fermosura deste alto mar a terra adentro, abéirame na Chaira ancestral e amósame outra vez o milagre da Vida nun portal de Begonte onde dende hai vintecinco anos alumea a Estrela grande de prata.

Constúeme Nadal a casa de pedra e madeira no centro da aldea (agora pedra branda mallada polas ondas e o salitre do mar, como di o crego D. Xesús, alento deste misterio natural e de madeira nobre dos nosos bosques sagrados).


Tráenos Nadal unha vaga de amor que nos percorra o corpo enteiro, acenda na nosa alma a luz branca dos sentimentos e deite un fío de tenrura que nos mude o xesto e devolva o brillo á mirada restaurando a paisaxe interior nun tempo que ole a incenso, que ole a perdón.

Levarei comigo a primeira camelia do inverno que abrollou no paraíso desta beiramar e atravesarei a serra na noite de lúa fría polo carreiro dos vagalumes entre lindeiros de acivro encarnado.

Quixería, por uns días, ser mago capaz de rescatar, cun veo, a Estrela do asedio da néboa, trocalo nun chafariz que nun voo infinito semente a esperanza no azul do ceo ecoando un doce salmo que abra as fiestras e faga vibrar de Paz ó mundo, nun tempo de aguinaldo.

Repousa Nadal na aldea das pequenas cousas que converten ós homes en persoas e acariña coas túas mans xenerosas o rostro dorido da terra.

Ven Nadal coa Verdade na Palabra, instálate nos nosos corazóns e fai que sempre viva o neno que todos levamos dentro.



XUNTA
DE GALICIA 

DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) - DEC. 1997 - XANEIRO 1998